

INSTITUCIONAL

## 1. O Consorcio de Santiago celebra o seu Consello de Administración e Comisión Executiva



O Consorcio de Santiago celebrou na véspera do Día do Apóstolo a súa Comisión Executiva e o seu Consello de Administración. Ambas xuntanzas estiveron presididas pola alcaldesa da cidade e presidenta do organismo interadministrativo, Goretti Sanmartín, e tiveron lugar na sede do Consorcio de Santiago no Pazo de Vaamonde.

No transcurso das reunións aprobáronse as contas anuais do organismo correspondentes ao exercicio 2024, así como orzamento necesario para realizar á obra de restauración do hórreo situado na Finca de Vista Alegre, por importe de 17.165,52 euros. Tamén se deu conta das bases reguladoras da subvención directa en especie do Consorcio de Santiago ao Concello de Santiago de Compostela para o mantemento e reparación dos pavimentos da cidade histórica nos exercicios de 2025, 2026 e 2027, o que permitirá investir arredor de 405.000,00 euros na conservación e mantemento dos seus enlousados, e dar así continuidade ao programa “A Pedra que Pisas”.

**Máis información:**  
<http://www.consorciodesantiago.org/gf/noticias/o-consorcio-de-santiago-celebra-o-seu-consello-de-administracion-e-comision-executiva-0>

PUBLICACIÓNS

## 2. Un libro coeditado polo Consorcio de Santiago e Teófilo Edicións analiza parte da arquitectura de Domingo de Andrade en Compostela

O Consorcio de Santiago e Teófilo Edicións presentaron o mércores 9 de xullo no Museo do Pobo Galego a publicación “Domingo de Andrade. Continuidad y transformación en un enclave compostelano”, obra de Celestino García Braña que conta coa colaboración do arquitecto Adrián Alonso Lorenzo e que pertence á Biblioteca Científica do Consorcio de Santiago.

A obra “Domingo de Andrade. Continuidad y transformación en un enclave compostelano” recolle o traballo do gran mestre do barroco Domingo de Andrade en Santiago de Compostela. En específico, trata a transformación da cidade entre as prazas da Quintana e Praterías que, cristalizado en longos anos enmarcou unha entrada catedralicia cun Pórtico Real que, tempos despois, sería desprazado; erixiu unha torre-campanario; construíu unha sancristía que logo sería capela do Pilar; incorporou monumentais escaleiras e deu acubillo a singulares cóngos nun elocuente Palacio. Esta publicación foi seleccionada no certame europeo Architectural Heritage Intervention (AHI) 2025, na categoría de Divulgación.



**Máis información:**  
<http://www.consorciodesantiago.org/gf/noticias/un-libro-coeditado-polo-consorcio-de-santiago-e-teofilo-editions-analiza-parte-da-arquitectura>

## 3. O Consorcio de Santiago e a Editorial Bolanda coeditan dous libros que afondan na historia da medicina do século XIX en Galicia

O Consorcio de Santiago e a Editorial Bolanda presentaron este xoves 17 de xullo na facultade de Medicina as publicacións “Los inicios de la neurocirugía en Galicia: el profesor Dr. D. Francisco Reyes Oliveros (1922-2008)”, do autor Alejandro Arroyo Córdoba, e “Museo Nacional de Anestesia”, de Avelino Franco Grande, Vicente Ginesta Galán, Jorge Fernández Rodríguez, Julián Álvarez Escudero e Joaquín Cortés Laíño. A primeira obra pertence á Biblioteca Científica Compostelana do Consorcio, mentres que o segundo libro forma parte da Biblioteca de Divulgación Xacobeo desta entidade.



A obra “Los inicios de la neurocirugía en Galicia: el profesor Dr. D. Francisco Reyes Oliveros (1922-2008)” é o resultado da investigación do traballo de fin de grado de Alejandro Arroyo Córdoba. Ao longo das súas páxinas realizouse unha revisión bibliográfica e documental sobre o inicio da Neurocirurxía en Galicia, destacando a gran importancia da figura de Francisco Reyes Oliveros e o seu labor docente como profesor de Neurocirurxía, difusión de técnicas innovadoras, amplo traballo científico e meritorio traballo na Real Academia Galega de Medicina e Cirurxía. Por outra banda, o libro colectivo “Museo Nacional de Anestesia” pretende dar a coñecer a historia e a evolución da anestesia e a cirurxía durante os séculos XIX e XX, poñendo o foco na historia do Museo Nacional de Anestesia de Santiago de Compostela. É o único museo do seu xénero en España e o segundo máis antigo de Europa.

**Máis información:**  
<http://www.consorciodesantiago.org/gf/noticias/o-consorcio-de-santiago-e-editorial-bolanda-coeditan-dous-libros-que-afondan-na-historia-da>

MÚSICA

## REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA



### 1. A vindeira edición do proxecto participativo Cantamos! da RFG contará coa actuación de sete coros galegos

A Real Filharmonía de Galicia puxo en marcha este xullo unha nova edición do seu proxecto colaborativo “Cantamos!”, unha iniciativa que convida a coros afeccionados de toda Galicia a participar en dous concertos xunto á RFG. A proposta culminará con dous concertos no Auditorio de Galicia os días 18 e 19 de decembro de 2025, baixo a batuta do recoñecido director galego Javier Fajardo.

Nesta convocatoria da terceira edición do proxecto foron elixidos sete coros: Coro de Cámara Thalassa, Coro da asociación Músico Crisanto, Coro asociación de amigos del camino De Santiago, Coro Asubío, Coro da EMMU De Santiago, Coro Crecente e Sons de Solovio.

**Máis información:**  
<https://www.rfgalicia.org/gf/a-vindeira-edicion-do-proxecto-participativo-cantamos-contrara-coa-actuacion-de-sete-coros-galegos/>



### 2. A Real Filharmonía de Galicia actúa no Galaico Brass Festival en Merza

A Real Filharmonía de Galicia actuou o xoves 10 de xullo no CEIP de Merza, dentro da programación do Galaico Brass Festival en Vila de Cruces. Baixo a batuta do director Sebastian Zinca, a orquestra interpretou un programa centrado no repertorio de vento-metal, xunto con destacados solistas que forman parte do profesorado do Galaico Brass Festival: Marta Montes e Iago Bernat (trompas), Alfonso González Barquín (trompeta) e Ian Bousfield e Isobel Daws (trombóns).

No programa figuraron obras de F. J. Haydn e A. Rosetti, “Concerto para dúas trompas” e o “Concerto para trompeta” e tamén o “Concerto para trombón” de Nino Rota e “Servant of Peace” de Daniel Gates.

**Máis información:**  
<https://www.rfgalicia.org/gf/a-real-filharmonia-de-galicia-actua-no-galaico-brass-festival-en-merza-vila-de-cruces/>



### 3. A Real Filharmonía de Galicia ofrece dous concertos na Igrexa de Santo Agostiño

A Real Filharmonía de Galicia ofreceu os días 16 e 17 de xullo na Igrexa de Santo Agostiño baixo a batuta do director José Luis Temes un programa especial dedicado ao clasicismo, que incluíu o primeiro e o cuarto movemento da “Sinfonía núm. 40” de Mozart, a “Sinfonía 12” de Carlos Baguer, así como as Sinfonías 1 e 4 de María Luisa de Borbón. Estas últimas foron gravadas polo director xunto á RFG, en agosto do ano pasado, enmarcadas dentro do proxecto de investigación da musicóloga Ana Lombardía, profesora da Universidade de Salamanca, quen foi responsable por sacar á luz estas partituras. A iniciativa buscaba inmortalizar as composicións inéditas da infanta, coñecida como a primeira compositora española en escribir partituras sinfónicas.

**Máis información:**  
<https://www.rfgalicia.org/gf/a-real-filharmonia-de-galicia-ofrecea-dous-concertos-na-igreja-de-santo-agostino-en-santiago/>

### 4. A Praza da Quintana échese co concerto da Real Filharmonía de Galicia

A Real Filharmonía de Galicia ofreceu o mércores 23 de xullo o seu tradicional concerto incluído na programación das Festas do Apóstolo de Santiago de Compostela. Trátase dun dos concertos máis agardados dentro da programación de verán da RFG, e contou coa interpretación de recoñecidas obras de Verdi, Charikovski, Bizet, entre outras, baixo a batuta do mestre Baldur Brönnimann, director titular e artístico da Real Filharmonía de Galicia.

**Máis información:**  
<https://www.rfgalicia.org/gf/a-praza-da-quintana-écha-se-o-vindeiro-concerto-da-real-filharmonia-de-galicia/>



## ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS



### 1. A EAEM publica o listado de admitidos/as nas probas de selección do CAEO

A Escola de Altos Estudos Musicais celebrou entre o sábado 12 e o luns 14 de xullo as probas de selección para o curso 2025-26 do Curso Avanzado de Especialización Orquestral. Nas probas había persoas aspirantes para as prazas dispoñibles de especialización en clarinete, óboe, fagot, frauta, trompa, trompeta, percusión, contrabaixo, viola, violoncello e violín.

Nesta relación establécense os candidatos seleccionados que agora terán que formalizar a súa matrícula. Tamén se establece unha lista de espera en todos os instrumentos agás en viola e violín, nos que a EAEM volverá facer unha convocatoria extraordinaria para cubrir unha praza vacante de violín e unha de viola.

**Máis información CAEO:**  
<https://eaem.es/gf/noticias/a-eaem-publica-o-listado-de-admitidos-as-nas-probas-de-seleccion-do-caeo-3/>